

# REDE

de Accesibilidade Cognitiva



de FADEMGA Plena inclusión Galicia



XUNTA  
DE GALICIA



FADEMGA  
Plena  
inclusión  
Galicia

*Mellorando a accesibilidade cognitiva dos  
espazos nos que vivimos.*



# Que valores ten a rede?

1

## **Transparencia**

Compartimos todos os nosos coñecementos e traballos sobre accesibilidade cognitiva.

2

## **Confianza**

Cremos nas fortalezas do equipo e comprometémonos a cumprir os acordos.

3

## **Participación activa**

Participamos todos no equipo.

4

## **Respeto**

Valoramos a todas as persoas do equipo.

5

## **Flexibilidade**

Podemos cambiar as normas do equipo segundo as necesidades do equipo.

6

## **Creatividade**

Presentamos ideas diferentes e novas.

7

## **Empatía**

Temos en conta os sentimentos dos membros do equipo.

8

## **Comunicación**

Intercambiamos información en todo momento.

# Cales son os obxectivos da rede?

1

Establecer unhas normas para avaliar a accesibilidade cognitiva dos espazos.

2

Crear un grupo de sinais para os espazos da comunidade.

3

Coñecer experiencias sobre accesibilidade cognitiva de persoas de fóra das asociacións de Plena inclusión.

4

Crear grupos de avaliadores de accesibilidade cognitiva de espazos. Os grupos de avaliadores poden facer tarefas de diferentes asociacións.

5

Elaborar un curso de formación sobre accesibilidade cognitiva para as persoas que atenden ao público.

6

Crear grupos de validadores de textos de lectura fácil. Os grupos de validadores poden facer tarefas de diferentes asociacións.

7

Explicar á sociedade que a accesibilidade cognitiva é importante.


# Cales son as normas da rede?

- 1 As reunións comezarán ás 11 da mañá.
- 2 As reunións poden ser en liña ou presenciais.
- 3 Polo menos unha persoa de cada asociación debe participar nas reunións.
- 4 Turnarémonos para facer a acta da reunión.
- 5 As actas estarán en lectura fácil.
- 6 Escribiremos na acta un resumo da reunión e os acordos do equipo.



# Cales son os compromisos dos membros da rede?

- 1 Facer accesible toda a información do equipo.
- 2 Compartir o noso traballo sobre accesibilidade cognitiva.
- 3 Compartir información, coñecemento e ideas co equipo.
- 4 Participar nas reunións do equipo.
- 5 Ser puntual nas reunións.
- 6 Cumprir os prazos das tarefas do equipo.
- 7 Traballar para conseguir os mesmos obxectivos.
- 8 Cumprir os acordos do equipo.
- 9 Contar con persoas con discapacidade no equipo.
- 10 Propoñer puntos a tratar nas reunións.
- 11 Contar no equipo con persoas de fóra das asociacións de Plena inclusión.





# **Rede de accesibilidade cognitiva de FADEMGA Plena inclusión Galicia**

